

**CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL PARA A REALIZACIÓN DO XIX PREMIO DE POESÍA AFUNDACIÓN.**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

**DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa Fundación Galicia Obra Social o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

*A colaboración coa Fundación para a realización do XIX Premio de Poesía Afundación.*

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

*O premio ten entre os seus obxectivos a promoción e difusión da creación literaria en lingua galega, en particular da poesía, xénero que precisa un maior apoio editorial. Alén disto, se ben a poesía, en comparación coa narrativa, é un xénero minoritario, serve de alicerce para a consolidación da renovación estética e contribúe á normalización da lingua.*

*O Premio de Poesía Afundación é un dos poucos premios de poesía en lingua galega que se celebran na actualidade. Comezou a súa andaina no ano 2002, a iniciativa do Centro PEN de Galicia e Afundación. Logo de máis de 15 anos de traxectoria, constitúe na actualidade unha cita de referencia na axenda cultural galega.*





*De acordo coa planificación estratéxica realizada pola Secretaría Xeral de Cultura, para o ano 2021, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos neste plan, nos que non é posible promover a concorrencia, polas especiais características da entidade coa que se convenia.*

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

